

Quedou co ollar fixo a comén do brazo. E o brazo, que se alonga sobre lenzos, fixo cativos aletextos nervosos ao se ver observado. Chouto esquivo de obxecto que contemplas e que atraes para o desasosego na túa sabiduría de guanábamo, de zunzunito, de millos e de limos.

- ¿Qué miras?
- Miro que se che ven as veas.

Apenas si se lle ven as veas no interior mol e branco do brazo branco. Pro Juan Naipe olla as veas e rastrexas indicios coa pupila nas xemas sobre as veas que os dedos enredan nos cabelos e nos cabelos os dedos enredan como facendo cóxegas para que se abra nos dentes a luzada, o lóstrego amatorio.

- É así a túa pel. É así.

E Juan Naipe pescuda o seguimento da liña fosca da vea embaixo pel. E Juan Naipe pensa nas veas coma augas nas que se ligan o ceo e mais a terra para lle dar orixe ás palabras. Ela repara agora que a Juan Naipe non se lle ven as veas porque é negro betún, construción oculta de enigma e de murallas que resistiron tanto de terror, para dar orixe ás palabras que o atoan. De certo ela ben puidera pensar que se alguén se fai chamar Juan Naipe é porque ven de escravitude, é porque non moi lonxe os deuses seus, as súas nais, os seus cantos e no sono o seu ollo tenso de tigre negro, as súas pedriñas para os remedios, a súa calmosidade de voces aclaradas baixo de augas lípidas, foron, non moi lonxe, servas.

Non moi lonxe. Na lagamar, praga de mosquitos, e no areal, as secas.

Eles foron servos que se encrequenaron como veas ocultas. E cando o servo vai ser carimbado de home libre, ao servo esíxelle identificación por nome e apelidos. Fíxose, entón, escriturar o servo como Pedro. Fíxose entón, escriturar o servo como Juan, e o servo escollerá nome de froes e nome de montañas para as súas mulleres. Algúns outros póñense termos que usan de cotío. E así fanse palabra. E é palabra de couso para que o couso novo do seu nome non se lle veña de sutaque a esquencer.

Nesta decisión sobre o nome de propio as seus devanceiros gustoulle o nome de Naipe, co mesmo degoiro co que contemplaban dibuxolas nas cartas de xogo de Marsella.

A el cádralle se chamar Juan Naipe.

A el acomódaselle este nome inductor de pequenas trapelas coas que a vida enxerga na verdade e fai que seña todo verdade ao mesmo tempo.

- O teu nome é Vea.
- Beatrice.

Pro a Juan Naipe non lle interesa esta nova edificación de palabras e dice para si:

- É bonita a noite. E se non volve selo, recordarei a noite.

Díxoo como se adeprende un recitado, díxoo sen complicidade, sen alaio, díxoo describindo exactamente a noite como couso bonito.

Palabra de negro de betún na que ela é estrana e só sente cómo o vougo preme e cómo non lle fai gracia o asexo de desexo de negro. E non lle fai gracia que Juan Naípe vaia sabendo por onde van as veas. E non lle fai gracia agardar ataque de xaguar sobre presa sen territorio porque a presa sen territorio háse movimentar por onde xaguar queira nos seus gumes de ciume mesto.

Non lle fai gracia nin sabe cal é a palabra certa para se liberar dese estado toupizo que lle impide o devalo para a noite bonita, que afasta o corpo da razón.

E a pupila de xema de Juan Naípe elabora circos teceláns como fai o xaguar. E nos seus circos tépedos alértanse os sinais de confronto para non dalo todo por perdido poisque entre ela e mais Juan Naípe a linguaxe segue a ser ausente e o peito soergue en se arredando a ela querería rir cando escoito do negro frase de repertorio canzonettista, frase acaída para a sempre sincera Gloria Lasso, pro a candura grosa de Juan Naípe non ademite interlocución e a boca de Juan Naípe é agora dominio de xaguar que liba por sobre o desacougo da presa solidaria a se acobillar no rumor romanesco que accede á súa formulación perfecta, acción de gracias, cando lle di: chúpala que nin dios. Porque dios é tamén, para el, nome de escravo. E porque o xaguar non entende de cachondeos no xogo. Porque ao xogar o xaguar sempre arrisca.

Juan Naípe ténas todas consigo. Porque o seu signo gráfico é o da serpe de plumas. E todo Juan Naípe aférese e lle retira alento ao animalíño sen territorio, golpe sen veas nos dedos longos do xaguar sobre as mamas da presa para que a presa sinta que o negro lle pode para sempre, pódelle para sempre polo que tén de escravo liberado, fío sedán e común de historia revolucionaria que fai a Juan Naípe relacionarse tan ben coas cousas e ser para ti un reclamo contradictorio, branco no preto, preto no branco, que che fai dicir que, en definitiva, pode que o teu seña todo o xénero humano a partires de que non se declare anti-comunista. E ao decilo ves o riso mórbido de Juan Naípe, ves como Juan Naípe fai carantoñas, porque agora Juan Naípe sábese tocado nas ás de ave que recambia plumaxes con oportunidade, e a súa pupila muda para o abraio ao localizar que se che gusta a Guinness presión negra e porque é a bebida nacional irlandesa.

Sempre xurde algo, miña paixón, para nos remachar a descompás sobre pasos de ceбра. Porque si ti sonsacas aquela voce de mimo de telefonía e preguntas:

- ¿Gustouche?

E si eu respondo:

- Zás.

Ti, comenentementemente, engadirás:

- Pois eu coidei que non.

Ti sempre dis: Pois eu pensei que non.

Despois vés á cidade e ti xa sabes que seguramente eu non estea na cidade e por iso entras en cada cabina de teléfonos, nas normais e nas de discapacitados –nas de tolleitos-, alternándoas con sabiduría. Entras, marcas o número, agardas sempre o mesmo número de sinais e replicas: non contesta, ti, cómo é que non contesta. Continuum trágico desa frase curta e dorida coa que me increpas: non estás, non estás, cómo é que non estás.

Despois eu, algures, chámote a ti, e ti, ao lonxe, combinas certo timbre de home atafegado, e caracterízaste cun verdadeiro acto de contestación: ben, xa falaremos.

Isto dos dous, miña paixón, é tan descifrabel que teño por dicir quenos conduz, que me conduz, por intelixencia á túa cita ocasional igual que ti adoeces fronte do meu ataque súpeto anque deixes ese medio metro de respecto para que apalpe o macho que me tocou en sorte.

Nones, ilícitos, eternamente unidos, regra que tronza unha ocasión única en que sen ser pregunta e sen ser resposta saúnos, aos dous, a mesma amorosa frase pequena. E esa coincidencia na mesma pequena frase amorosa deixounos para sempre, un fronte ao outro, en coiros. Quérote. Frase pequena. Material de consigna na que presumimos a nosa inxenuidade para a fin do xogo.

Nos locais de maricóns, todos, na barra, toquetexan coa súa única man ceibe, coa man que non preme o tubo de cervexa Estrela, a melodía revella que so nun disco de 45 revolucións e que debe ser un chachachá:

*En este bar te vi por primera vez*

*En este bar te di mi corazón*

A seguida, cada quen dirá os versos como lle cadre, pero o tema é sempre o individuo que o aposta todo nunha carta. E despois entra o coro:

*Camarera, camarera, eres la camarera de mi amor.*

Eu bailei un chachachá no Cabaret do Rivière Hotel, e tocoume un negro. Non, non se trataba de lle pegar a un chachachá de salón Rivière style, senón de lle dar a un chachachá de entreperna, aló e acá, ás veces ao arrimado. O negro que me tocou era longo, era finíño, e eu funlle deixando pegadas de vermellón de labres por toda a

guaiabera e como acuse de recibido encandilámonos como película dos cincoenta, como *happy end* daquelas cintas que se construían após anos de guerra.

- ¿Qué tal a viaxe?, preguntas.
- ¿A viaxe? Resposto.
- Andei coma un tolo porque non contestabas.

E eu entón fágome forte porque imito cousas que non sei cómo comunicarche, explico o quid da relación entre o touciño e a velocidade e sei que contribúo a que as cousas señan enteiras alisando a túa desaparición e queréndote alcohólico ocasional e anónimo anque me amole tanta obstinación en ti, miña paixón, persoaxe na que resinto un exquisito lentor autoamatorio. Co paso dos días deixo entrar á serpe de plumas na súa modorra de vida para che dicir, miña paixón:

- Non podo vivir sen ti.

Porque, miña paixón, vivo sen ti perfectamente igoal que vivo sen un territorio e non podería vivir sen territorio.

Nun cruzamento, e co mesmo ton educado co que se dan os bos días, dixer de natural:

- Eu sigo por aquí.

E continuei para o boulevard comercial coa gorxa empastada sen que nin unha soa verba acudira para ampliar a miña decisión. Nun estaribel de granizado de refresco collín un cucurucho de cor grosella. En realidade é un cucurucho de papel impermeabel, con cadradiños de xelo e no que o home do estaribel bota unha medida de xarope de grosella. Collín un cucurucho e roín no xelo. Premín os brazos contra as beiras do corpo ata me mancar nas ancas e ata que os brazos xeneraron unha fronteira entre eu e mais o exterior. E o exterior foi xa a estación de buses para entregar o ticket con présa, coa mesma présa coa que roín no xelo, coa mesma sensación de présa coa que localizo a porta xusta para a saída mentres alguén me toca polas costas:

- ¡Ei!

E dende a súa dignidade tépede, por primeira vez, Juan Naípe, olleite tristán.

Ao saír do taller Juan Naípe tivera tempo para ir ata a casa, Juan Naípe tivera tempo para vestir unha guaiabera de festa con azulón, Juan Naípe portaba consigo o xornal tal e como adoita se facer nos paseos, e eu díxenlle a Juan Naípe:

- O meu autocar está a punto de partir

Dílle dous bicos a Juan Naípe como selo de compromiso, como detalle de boa educación, como cumprimento.

A gorxa empástaseme cara os andéns e sei de memoria como é este se comportar occidental á marxe da memoria de todas as voltas que tivo que dar Juan Naipe para estar comigo, a esta hora en punto, ataviado de festa, vestido para o recordo, dándolle á despedida un senso libre, de noite bonita que só el saberá.

Pégaseme como señaará o meu paso serodio, como carencia nosa en trasladar afectos, como agresión dos nosos rituais competitivos, eses rituais que nos fan saír dos lugares como se se tratara, aínda, de rubricar a nosa independencia persoal dando cortes de mangas.

- ¿Qué tal a viaxe?

- ¿A viaxe?

E quero dar para min unha versión de triunfo e dígoche, ou non, ou quizabes cho veña eu dicir así:

Un negro, un negro que ligara no Rivière, no cabaret do Rivière Hotel, un negro foime despedir. E eu quixen despois revirar a testa, cando xa ía cara os andéns, revirar a testa para lle facer un aceno amabel, para levar o dedo índice e corazón aos beizos, xa sabes, e para facer como se lle deras un chuchito.

Neste intre eu sei que etás a ollar con cachondeo para todo o que che vou contando e que pensas que é magnífico facer unha viaxe alén do Atlántico para que un negro te despida nunha estación de buses. Pro cando eu lle quería facer un aceno a Juan Naipe, vino cómo se retiraba lento, vin o xaguar acuquinado sen a presa, vin a súa guaiabera impecabelmente planchada, e vin cómo Juan Naipe isola a verdade da construción do mundo, e agárrome aos textos, e os textos mayas retórnanme o sosego de cando os deuses acordaron entre si que as cousas tal e como o verque Helberto Helder na palabra escrita:

Revelaram-se então, meditaram, na madrugada, decidiram construir o homem, enquanto se reuniam em assembleia para resolver sobre a produção, a existência das árvores, das lianas, a produção da vida, da existência, nas trevas, na noite, pelos Espíritos do Céu chamados Mestres Gigantes.

E foi entón que mestre xigante mirou e dixo com mimo:

- Olla, acabo de che facer as veas.

E o que che dixo mestre xigante xa non se che esquencerá porque é o recordo do teu pai pechando o teu puño dicindo:

- É así de grande. O teu corazón é de grande como o é o teu puño.